



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA APOIO AO ACCESO E ADECUACIÓN DO FINANCIAMENTO DAS EXPLOTACIÓNS PRODUTORAS E TRANSFORMADORAS DE UVA E DE CASTAÑAS AFECTADAS POLAS XEADAS E SARAIBAS, E AS EXPLOTACIÓNS PRODUTORAS DE PATACA, CEREAL, HORTA E FROITEIRAS AFECTADAS POLA SARABIA, INSTRUMENTADAS MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O IGAPE, AS ENTIDADES FINANCEIRAS E AS SGRs.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Área de Financiamento do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar coas sociedades de garantía recíproca galegas e as entidades financeiras que o soliciten o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

definir os termos de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades de crédito e as sociedades de garantía recíproca para a instrumentación de dúas liñas de financiamento bonificado dirixido as explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e saraibas, e as explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido:

O IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, a promoción de políticas integrais de apoio ás empresas e desenvolver accións dirixidas á mellora da súa competitividade. Nesta liña, pretende dotar as microempresas e pemes galegas de recursos financeiros en óptimas condicións de prazo, tipo de xuro e garantías que lles permitan dotarse da liquidez necesaria para o desenvolvemento da súa actividade.

As sociedades de garantía recíproca teñen como función o outorgamento de avais, a favor dos seus socios ou partícipes para as operacións que estos realicen nas suas actividades empresariais e a prestación de servicios de asistencia e asesoramento financeiro. En Galicia existen dúas SGR, AFIGAL e SOGARPO, que actúan nas provincias de A Coruña e Lugo a primeira, e Ourense e Pontevedra a segunda. Estas SGR teñen avalado historicamente ós seus socios por un importe total de preto de 1.800 millóns de euros. Sogarpo e Afigal, veñen desempeñando dende a súa creación a tarefa de prestación de avais ante entidades financeiras, aglutinando ata o momento a práctica totalidade das operacións de afianzamento por SGR que se fan ás pemes en Galicia, de todos os sectores de actividade.

As SGRs, ríxense polos seus estatutos, pola Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca,, polo Real Decreto 2345/1996, de 8 de novembro, relativo as normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das SGRs e demais normas complementarias.

A Xunta de Galicia e o IGAPE participan , xunto coas entidades financeiras e outras entidades, como socios protectores nas ditas sociedades dende a súa creación, ostentando, a data da presente memoria, o 27,4% do capital de socios protectores de Sogarpo e o 22,7% do capital de socios protectores de Afigal.

Por outra banda, as entidades financeiras como facilitadores do crédito constituen o elemento clave ,ao ser quenes canalizan as solicitudes viables , ante o Igape e as SGR, na procura dos apoios en forma de garantía. Por outra banda, non debemos esquecer que a súa implantación territorial resulta moi importante para a difusión e xestión do programa.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar, fundaméntase no seguinte:

A mestura de dous fenómenos, por un lado un mes de abril moi seco e con altas temperaturas, acadando valores históricos que favoreceron una adianto na floración dos cultivos, e unhas xeadas moi fortes nas noites dos días 27 e 28 de abril nos vales do interior de Galicia, produciron un efecto devastador dos cultivos fundamentalmente nas zonas mais baixas do interior de Galicia , próximas as concas do ríos. Estas xeadas afectaron dunha forma especial ao viñado que estaba nun estado fenolóxico moi avanzado.

Por outra banda as xeadas que tiveron lugar estes días nas provincias de Lugo e Ourense afectaron tamen a diversas especies forestais de froito, como o castiñeiro, de determinados concellos destas dúas provincias. Nestas zonas deprimidas destas dúas provincias a castaña e unha importante fonte de ingresos para moitos propietarios de soutos que teñen neste cultivo un importante complemento na renda que asegura uns ingresos estables todos os anos. A xeadas deste ano produciron danos importantes nestas árbores que afectaran de xeito importante a produción.

Con posterioridade, en torno ás 14:00 horas do día 6 de xullo, parte dos concellos de Allariz, Xunqueira de Ambía, Sandiás e Vilar de Barrio sufriron os efectos dunha tormenta de sarabia que durou en torno a vinte minutos, que afectaron á pataca (máis concentrada en Sandiás e en Xunqueira de Ambía), ao cereal (con superficies importantes tanto en Sandiás como en Vilar de Barrio e Xunqueira de Ambía) e á horta. Os danos provocados foron moi elevados, co encamado e a perda de gran, xa que o cereal estaba próximo a recoller, e atopándose o cultivo de pataca nun estado vexetativo no que a folla estaba moi tenra, sofrendo importantes danos mecánicos polo impacto provocado pola pedra, o que produce un descenso no rendemento final da colleita, e quedando inservibles para a súa comercialización as plantas de horta, sobre todo no caso das plantas de folla como as Brassicas.

Na tarde do 27.08.2017 parte da provincia de Ourense viuse afectada por unha tormenta acompañada de choiva e saraiba que descargou en diversos episodios de distinta duración.

As comarcas máis afectadas por este fenómeno climáticos adversos son aquelas nas que as precipitacións se produciron en forma de saraiba. En concreto as do Ribeiro, Carballiño, Ourense, Valdeorras, Verín, Viana do Bolo e Pobra de Trives.

Todas estas zonas víronse afectadas por danos nos cultivos en distinta medida, de intensidade moderada a grave segundo a zona e os distintos cultivos. O viñado es o cultivo que máis superficie ten afectada, presentando danos graves na maoira das zonas. No caso de plantacións de froiteiras a superficie afectada é menor pero os danos pódense calificar como graves, e por último tamén víronse afectadas algunhas plantacións de castiñeiros de froite que perderon gran parte da súa produción.

Tendo en conta os danos apreciados, enténdese que isto provocará un importante descenso na produción deste ano, provocando unhas necesidades financeiras de carácter coxuntural e estrutural.

Nesta liña, plantéxanse as axudas do Igape, a proposta da Consellería do Medio Rural, ás explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e saraibas, e as explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira, de xeito que lles permita aprazar e periodificar pagamentos e se acomoden á previsible merma de ingresos ou ao prazo de cobramento da indemnización do seguro, no seu caso

Plantéxase, por tanto os seguinte apoios a través das seguintes liñas:

-Liña de refinanciamento de pasivos: para adecuar o reintegro das débedas contraídas coas entidades de crédito á capacidade de xerar recursos nun contexto de rendibilidade insuficiente.



-Liña de financiamento de circulante: dispoñer de financiamento adicional, para reforzar o seu activo corrente, sufragando nóminas dos traballadores, tributos, seguridade social, alugueres, pagos a provedores, acredores por prestación de servizos e similares.

A axuda do Igape consisten nos seguintes apoios:

a) Bonificación do tipo de xuro nominal das operacións de préstamo acollidas a estas bases de tal xeito que o tipo de xuro sexa cero para o beneficiario.

b) No caso de contar co aval dunha SGR, o Igape compensará o custo da comisión do aval financeiro prestado pola SGR.

Estas axudas do Igape, necesitan da instrumentación dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.

Estímase un volume de operacións financeiras a formalizar ao amparo da presente convocatoria de 3.500.000,00 € para unhas 100 pequenas e medianas explotacións, fundamentalmente microempresas e autónomos.

Que o convenio proposto, cumpre os requisitos de validez e eficacia establecidos no artigo 48 da Lei 40/2015 de réximen xurídico do sector público.:

O Igape , como ente de dereito público e no ámbito das súas competencias, pode suscribir convenios con outras entidades públicas e privadas. Estas axudas do Igape para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas e as explotacións produtoras de pataca, cereal e horta, necesitan da instrumentación dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.

O convenio será suscrito polo presidente ou director do Igape e supón unha fórmula eficaz de asignación dos recursos públicos pois supón un efecto multiplicador importante, xa que unha dotación orzamentaria de 500.000 €, suporá a mobilización de 3,5 Millóns de euros a favor das pequenas e medianas empresas beneficiarias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o

recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a vintedous de setembro de 2017.